



MEMORIA XUSTIFICATIVA RELATIVA AO CONVENIO ENTRE A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA – E A COMUNIDADE DE COESES, PROPIETARIA DO MONTE VECIÑAL EN MAN COMÚN LAMABRANCA, LAGOA E PARAMELO, PARA ILUMINACIÓN DA PARCELA DO LOCAL SOCIAL.

A xerente da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA: Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar ca comunidade de Coeses, , propietaria do monte veciñal en man común Lamabranca, Lagoa e Paramelo, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre o INEGA e a comunidade de Coeses, propietaria do monte veciñal en man común Lamabranca, Lagoa e Paramelo, para o fomento do aforro e a eficiencia enerxética en iluminación exterior que potencia a estética e a visibilidade da contorna podendo ser replicable noutros proxectos de características similares.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega) constitúese en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo, e entre os seus fins figuran “o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias”.

Que o monte veciñal en man común Lamabranca, Lagoa e Paramelo foi clasificado como tal pola Resolución do 12 de xullo de 1982 do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo.

A súa organización, desfrute e aproveitamento correspóndelle a Comunidade de Coeses.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Inega colaborará ca comunidade de Coeses, propietaria do monte veciñal en man común Lamabranca, Lagoa e Paramelo, no financiamento do desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, cunha achega de doce mil seiscientos nove euros con corenta e dous céntimos (12.609,42 €) IVE engadido, equivalente ao 100 % do custe subvencionable, con cargo a aplicación orzamentaria 05.A3.733A.781.0 do seu orzamento de gastos para o ano 2023, segundo o cadro seguinte:





CONCEPTO	UNIDADES	IMPORTE UD	TOTAL
Ud. Ampliación cadro eléctrico para protección de dúas saídas independentes, totalmente instalado, material auxiliar e man de obra	1	450	450,00
Arqueta de conexión eléctrica, prefabricada, previa excavación con medios manuais e posterior recheo d trasdós.	6	75	450,00
Toma de terra instalación con condutor desnudo Cu, enterrado.	1	280	280,00
Canalización eléctrica mediante condutor Cu 06/1KV 2x6+TT baixo tubo canalización de 50 mm, incluso aperturas de zanjas, cama de arena, recheo e posterior compactado.	350	8,76	3.066,00
Conductor de Cu 06/1KV 2x6+TT baixo tubo canalización de 50 mm, instalado.	350	3,50	1.225,00
Columna recta aceiro galvanizado, de 8 m de altura, apertura de oco e dado de formigón, instalada	5	550	2.750,00
Conxunto de Proxector LED Exterior 200 W, de tonalidade discreta e acorde co entorno, de 200W extensivos IP66 (2 de 3x200 W y 2 3x300W), incluso cableado e conxionado en poste, medios auxiliares e man de obra instalado.	4	550	2.200,00 €
SUBTOTAL			10.421,00 €
IVA 21 %			2.188,42 €
TOTAL			12.609,42 €

No texto do convenioponse de manifesto que se van realizar actividades de interese público, social, económico, polo seu carácter divulgativo e exemplarizante de fomento do aforro e da eficiencia enerxética en iluminación exterior, ao utilizar tecnoloxía LED con temperatura da cor de 3.000 °K, con altos rendementos lumínicos e unha vida útil superior a 60.000 horas (15 anos). Ademais, a instalación estará equipada con sistemas de acendido/apagado intelixente coa conseguinte diminución dos custos enerxéticos e de operación e mantemento. Entre os obxectivos que o Inega persegue con esta actuación destacan: amosar á cidadanía do rural que existe no mercado tecnoloxía competitiva que permite reducir o consumo enerxético mantendo ou incluso superando os niveis de calidade e iluminación que se acadan con outras tecnoloxías obsoletas, ademais de proxectar unha instalación que potencia a estética e facilita a súa integración na paisaxe e que pode ser replicable noutros proxectos e contornas de características similares.





O interese do Inega por participar neste convenio ven motivado por avanzar para conseguir, pola vía da innovación e da eficiencia enerxética, contornas rurais máis seguras e sustentables.

Para que o proxecto obxecto deste convenio acade a maior repercusión posible é necesario e imprescindible o apoio institucional e económico das Administracións Públicas, de xeito que o seu desenvolvemento desemboque nun mellor coñecemento dunha nova tecnoloxía de iluminación, e que produza un efecto positivo de arrastre e tracción informando á cidadanía do medio rural sobre as novas tecnoloxías de iluminación de cara a facilitar a toma de decisións e replicar a tecnoloxía LED nas súas vivendas e negocios.

Que o Inega non conta na actualidade con ningunha convocatoria pública que se adapte os investimentos que se pretenden realizar co obxecto deste convenio.

En atención ao exposto, e a fin de cumprimentar o preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á a sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A Xerente,

Vanessa Cal Ríos

